

LIBROS

Centauros e amazonas

O xénero fantástico de ambientación medieval tivo un desenvolvemento peculiar no noso país. Deixando de lado a non sempre recoñecida influencia de Tolkien e outras figuras en autores como Méndez Ferrín, a súa traxectoria como subxénero non gozou nunca dun desenvolvemento constante e sólido na literatura galega contemporánea, aínda que si podemos contar unhas cantas tentativas, algunha delas de parte de autores moi recoñecidos que porén non conseguiron a relevancia doutras obras na súa incursión. Seguramente estamos ante un momento de cambio, en parté auspiciado pola proliferación de novas editoras, moitas delas particularmente afíns ao xénero, e tamén polo éxito desbordante que están a ter obras conexas, como *Dragal* de Elena Gallego Abad. Sen dúbida este contexto explica a aposta dunha grande editora como Galaxia na publicación dunha triloxía escrita por unha autora debutante, unha decisión que cabe celebrar, tanto pola atención prestada a un xénero moitas veces marxinalizado, como polo valor que este ten á hora de captar lectores, particularmente (aínda que non só) entre

a mocidade.

A grande cuestión de toda obra que se encamiña polo vieiro da fantasía medieval é o grande peso das referencias canónicas. Nese sentido, este primeiro volume de *As crónicas de Landereina* bascula a medio camiño entre a innovación e unha influencia máis que notábel dalgúns das obras máis senlleiras do subxénero. Un personaxe que vive unha vida modesta recibe unha visita que lle revela que un obxecto que posúe por herdanza en realidade é depositario dun grande poder que permitiría escravizar a todas as razas do seu mundo. Coa finalidade de evitalo, emprende unha viaxe na procura de refuxio e consello, na que vivirá moitas aventuras e descubrirá novos aliados e tamén inimigos insospeitados. A viaxe sèrvelle ademais para autocoñecerse mellor, descubrir aspectos da súa propia orixe e evolucionar como persoa.

Até aquí o argumento de *Bágoa de lúa* non parece demasiado orixinal, e o paralelismo con outras obras moi coñecidas popularmente é evidente. Aínda habería que sumar tamén como punto negativo o feito de que a protagonista sexa descendente de sangue real, cousa que encaixa na apoloxía da aristocracia e o mesianismo que tanto se ten criticado



As crónicas de Landereina. Bágoa de lúa

Sabela González

Galaxia, 2013

232 PÁXINAS

13 EUROS

ultimamente no contexto galego en relación á fantasía clásica.

Porén, da mesma forma, hai varios aspectos no primeiro volume destas crónicas que deberan ser resaltados e que si cumpren as expectativas de orixinalidade que cabe agardar dunha obra destas características. O primeiro é o inmenso protagonismo feminino que ten a obra: dende o seu principal personaxe, Berenguela, e as súas aliadas, até o carácter matriarcal dun dos pobos predominantes na narración, as amazonas. Rompendo tópicos moi habituais do xénero, onde as mulleres aparecen como personaxes complementa-

rios, cando non como princesas pasivas a ser rescatadas polo heroe, *Bágoa de lúa* é unha novela construída sobre personalidades femininas, onde as mulleres non só dominan a maxia, senón que son excelentes guerreiras e mesmo encarnan papeis cotiáns profundamente disidentes.

Nun segundo sentido, a estrutura da obra rompe tamén a perspectiva habitual neste tipo de novelas. Os saltos temporais, ben delimitados en cada parte pola indicación á época que vai ser narrada, permiten desenvolver a trama dunha forma na que as persoas lectoras vaian completando as pezas da historia. Un recurso non tan novo noutro tipo de novelas, pero case unha revolución nun xénero que por regra xeral segue moi atado á perspectiva lineal.

Finalmente, o universo de Landereina cumpre un dos puntos clave que quereíamos nunha obra así: a construción dun mundo con personalidade propia e particularmente traballado nos seus detalles (as descrições de obxectos, de comida ou de paisaxes). A propia predominancia de razas fantásticas pouco habituais como poden ser amazonas e centauros, prepáranos para unha terra, Landereina, que se presenta como orixinal e engaiolante.

Un comezo que, a pesar dos altibaxos, é enormemente prometedor e do que agardamos impacientes as seguintes entregas.

Mario Regueira